

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA
ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DA “NECESIDADE
URXENTE DE DOTAR DUNHA LAVADORA INDUSTRIAL PEQUENA A LAVANDERÍA
DA ESCOLA, XA QUE A LAVADORA QUE HABÍA ERA DE USO DOMÉSTICO E
ESTRAGOUSE EN POUCO TEMPO, SEN TER ARRANXO ECONÓMICO”, NA ESCOLA
INFANTIL MUNICIPAL SERRA DE OUTES.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de
transferencia de crédito núm. 18-2024, por un importe total de 1.465,00 €, dentro do vixente
orçamento do exercizo 2024, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se
desprenden da “necesidade urxente de dotar dunha lavadora industrial pequena a
lavandería da escola, xa que a lavadora que había era de uso doméstico e estragouse en
pouco tempo, sen ter arranxo económico” na Escola Infantil municipal Serra de Outes e vista
a inexistencia de crédito adecuado e suficiente a nivel de vinculación xurídica no vixente
Orçamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado
para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2024/739, de 21.05.2024 así
como o RCMOD núm.: 35455/2024, por importe de 1.465,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de
5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais;
artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as
Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións
conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2
de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da
modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 1.465,00 € para dar
cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
32605.22699	1.465,00 €	32000.62300	24XX00028	1.465,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	1.465,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		1.465,00 €

Intervención

LVP/lrb

Refª: ispac1321604866476377770.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 18-2024 Lavadora EIM Serra de Outes

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.